

# **BOMBAS ATÓMICAS SOBRE GALIZA**

Acabemos dunha puta vez con ela

(versión ILG-RAG)

*Francisco González\**

Resulta evidente que os inumerábeis e xigantescos incendios provocados que felizmente nos teñen abenzoado neste verán de 2006 supuxeron un logro histórico á hora de tentar eliminar o que queda de Galiza. Pero todos sabemos que o lume é lento e ineficaz para os nosos propósitos; son xa demasiados anos recorrendo a este rústico procedemento e a outros similares sen que a nosa misión suicida avance dun modo definitivo, dun modo que satisfaga plenamente as nosas reivindicacións e profundos anxeos de desaparecermos do planeta como territorio, como pobo e como cultura.

Enténdaseme ben: non quero con isto desprezar o inxente e sensacional traballo realizado até a data. Despois de abraiar ao mundo co exercicio de feísmo arquitectónico mais grande que se lembra, co que conseguimos encher Galiza de tellados de uralita, fachadas de azulexo e xanelas de aluminio, poucas leccións podemos xa recibir neste sentido. Agora, é certo que as perspectivas urbanísticas son francamente lisonxeiras, se ben non nos acabamos de fiar completamente dos actuais plans de urbanización masiva do litoral: embora vaian acompañados de campos de golfe e hipermercados tememos que non sexan abondo en cantidade, e que por riba non atinxan os niveis mínimos de destrución, fealdade e anti-galeguismo aos que estamos afeitos e cremos necesarios. Tamén tememos que varios destes hotéis e urbanizacións para turistas madrileños se edifiquen a máis de vinte metros da costa, na vez de sobre a area mesma, e tamén non temos garantías sólidas de que neste proceso se talen suficientes carballos, faias ou castiñeirás, mentres que en troques poderían estar en perigo algúns eucaliptos. Aínda que... por qué só seiscentasmil vivendas planificadas? Por qué non seis, ou sesenta, millóns? Acaso somos menos que Valencia, Murcia ou Baleares, que nos levan anos luz de vantaxe neste terreo?

Contodo, hai que recoñecer que conseguimos terminar con moita da pesca das nosas costas e aínda das alleas, se ben en ocasións foi preciso recorrer ao verquido de petróleo para acelerar o proceso, dada a escasa competencia e pouca profesionalidade dun pequeno (mais nefasto) grupo de armadores na súa laboura esquiladora dos mares. Afortunadamente, a maioría dos nosos pesqueiros arrasaron a conciencia e durante anos os caladoiros, tal e como era esperado deles, sen que xamais enfraqueceran os nosos machotes perante nengun pueril razoamento ecoloxista.

Respecto ao tema dos verquidos, hei aproveitar para rendir aquí, sequer de pasada, un breve mais sentido recoñecemento a eses bravos mariñeiros e paisanos que sen vacilacións insultaran en bares e rúas a todos eses imbecis que desde lugares distantes viñeron non hai moito, como as ratas de Hamelín, limpar o chapapote das nosas costas. E é que a piques estiveron os moi cabróns de rematar antes de tempo coas subvencións estatais coas que tan ricamente estábamos celebrando tan notábel avance cara o noso debezado final.

Berremos alto e forte: queremos ser Rumanía! Conseguiamos manter contra ventos e marés que a nosa renda *per cápita* non ultrapase en décadas o 65% da estatal, pero poderíamos diminuíla moito máis se nos esforzamos. Que volte Fraga a se presentar para podérmolo votar; só un ex-ministro de Franco ofrece garantías

suficientes para a nosa tenaz labor exterminadora. A súa celebrada consolidación, e aínda extensión, da nosa tradicional rede caciquil e clientelar ficará nos anais da Ciencia Política como un logro dificilmente superábel, que chegou a espertar invexas na mesmísima Sicilia. Homenaxe, pois, á man firme que providencialmente nos dotou de tan definitiva ferramenta para impedir todo avance político, social ou económico. O españolismo raivoso de Francisco Vázquez ou o medo, corrupción e secretismo rurais de José Cuíña son só pálidos reflexos das maxistrais ensinanzas de Don Manuel.

O noso ínfimo nivel educativo e deficiente sistema de ensino foron tamén elementos valiosísimos. Neste senso, atrevome a aventurar que a emisión de programas conducidos por María Castaño na Televisión de Galiza e outros fitos culturais semellantes poderían explicar porqué temos unha das maiores taxas de consumo de alcohol e cocaína de Europa.

Por sorte, podemos acometer este noso suicidio cultural comezando pola lingua, factor básico, de tal forma que esta xa non se fale, ou se fale pesimamente, moi ben inzada de castelanismos e deformacións. Os catro gatos que a empregan cun pouco de soltura e corrección non son preocupantes, xa que se adican a despedazárense entre normativistas e reintegracionistas. Aínda ben. Pola outra banda, a nosa conciencia de pobo áchase, segundo é evidente, ao mesmo nivel que a dos cipaios da India, e a conciencia de irmandade con Portugal é directamente nula.

Pero todo isto non é dabondo, non. Fica demasiado traballo por facer e a nosa paciencia está xa ao límite. Queremos poder exercer o noso auto-odio libre e plenamente. Basta xa de disimulos, excusas e atrasos! Chegados a este punto, non vemos máis opción para acadarmos os nosos obxectivos lexítimos e irrenunciábeis como galegos vergoñantes que o uso masivo e inmediato da arma atómica sobre Galiza. Os menores de 65 anos poderán emigrar na súa totalidade ás Canarias como camareiros, e os anciáns que pola súa avanzada idade non impliquen riscos de reproducirse poderán quedar na propia terra. Estes últimos han gozar da vantaxe adicional de que non notarán demasiadas diferenzas entre a súa vida actual e o terreo post-nuclear que habitarán. No caso concreto dos coruñeses, poderán por fin instalarse todos en Madrid, que é o que a maioría ven desexando de sempre, onde poderán desfrutar sen trabas da bandeira da praza de Colón, a rotulación en castelán e os desfiles militares.

Por todo isto pedimos ao goberno de España – aínda que non esiximos, xa que non é o noso estilo – que se dote na maior brevidade posíbel das armas nomeadas e as guinde sobre o que, por desgraza, aínda fica de Galiza. Colmaremos así as nosas aspiracións nacionais, sen que aceptemos outras divagacións, tais como a continuación estéril dos arcaicos e insuficientes métodos de autodestrución aquí nomeados, novos estatutos de autonomía ou outras caralladas que pretendan demorar o distrair o noso amado, desexado e inexorábel destino, a saber, a Nada.

*(admítense adhesións á causa)*

\* Coruñés emigrado. Presidente da *Associació de Sociologia de les Illes Balears (ASIB)*

## **BOMBAS ATÓMICAS SOBRE A GALIZA**

Acabemos dumha puta vez com ela

(versom AGAL)

*Francisco González\**

Resulta evidente que os inumeráveis e gigantescos incêndios provocados que felizmente nos tenham abençoado neste verâm de 2006 supugerom um logro histórico à hora de tentar eliminar o que fica da Galiza. Mas todos sabemos que o lume é lento e ineficaz para os nossos propósitos; som já demasiados anos recorrendo a este rústico procedimento e a outros similares sem que a nossa missom suicida avance dum modo definitivo, dum modo que satisfaça plenamente as nossas reivindicaçõs e profundos anseios de desaparecermos do planeta como território, como povo e como cultura.

Entenda-se-me bem: nom quero com isto desprezar o ingente e sensacional trabalho realizado até a data. Depois de abraiar ao mundo com o exercício de feismo arquitectónico mais grande que se lembra, com o que conseguimos encher a Galiza de telhados de uralita, fachadas de azulejo e janelas de alumínio, poucas liçons podemos já receber neste sentido. Agora, é certo que as perspectivas urbanísticas som francamente lisonjeiras, se bem nom nos acabamos de fiar completamente dos actuais planos de urbanizaçom maciça do litoral: embora vaiam acompanhados de campos de golfe e hipermercados tememos que nom sejam abondo em quantidade, e que por riba nom atinjam os níveis mínimos de destruiçom, fealdade e anti-galeguismo aos que estamos afeitos e cremos necessários. Tamém tememos que vários destes hotéis e urbanizaçõs para turistas madrilenos se edifiquem a mais de vinte metros da costa, na vez de sobre a areia mesma, e tamém nom temos garantias sólidas de que neste processo se talem suficientes carvalhos, faias ou castinheiras, mentres que em troques poderiam estar em perigo alguns eucaliptos. Ainda que... por quê só seiscentas mil vivendas planificadas? Por quê nom seis, ou sessenta, milhõs? Acaso somos menos que Valência, Múrcia ou Baleares, que nos levam anos luz de vantagem neste terreno?

Contudo, hai que reconhecer que conseguimos terminar com muita da pesca das nossas costas e ainda das alheias, se bem em ocasiõs foi preciso recorrer ao vertido de petróleo para acelerar o processo, dada a escassa competência e pouca profissionalidade dum pequeno (mas nefasto) grupo de armadores na sua labor esquiladora dos mares. Afortunadamente, a maioria dos nossos pesqueiros arrasaram a consciência e durante anos os caladoiros, tal e como era esperado deles, sem que jamais enfraqueceram os nossos machotes perante nengum pueril razoamento ecologista.

Respeito ao tema dos vertidos, hei aproveitar para render aqui, sequer de passada, um breve mas sentido reconhecimento a esses bravos marinheiros e paisanos que sem vacilaçõs insultaram em bares e ruas a todos esses imbecis que desde lugares distantes vinherom nom hai muito, como os ratos de Hamelim, limpar o chapapote das nossas costas. E é que a piques estiverom os mui cabrons de rematar antes de tempo com as subvençõs estatais com as que tam ricamente estávamos celebrando tam notável avance cara o nosso debeçado final.

Berremos alto e forte: queremos ser a Roménia! Conseguimos manter contra ventos e marés que a nossa renda *per cápita* nom ultrapasse em décadas o 65% da estatal, mas poderíamos diminuí-la muito mais se nos esforçamos. Que volte Fraga a se apresentar para podermo-lo votar; só um ex-ministro de Franco oferece garantias

suficientes para a nossa tenaz labor exterminadora. A sua celebrada consolidação, e ainda extensom, da nossa tradicional rede caciquil e clientelar ficará nos anais da Ciência Política como um logro dificilmente superável, que chegou a espertar invejas na mesmíssima Sicília. Homenagem, pois, à mam firme que providencialmente nos dotou de tam definitiva ferramenta para impedir todo avance político, social ou económico. O espanholismo raivoso de Francisco Vázquez ou o medo, corrupção e secretismo rurais de José Cuíña som só pálidos reflexos das magistrais ensinanças de Dom Manuel.

O nosso ínfimo nível educativo e deficiente sistema de ensino foram também elementos valiosíssimos. Neste senso, atrevo-me a aventurar que a emisom de programas conduzidos por María Castaño na Televisom da Galiza e outros fitos culturais semelhantes poderiam explicar porquê temos umha das maiores taxas de consumo de álcool e cocaína da Europa.

Por sorte, pudemos acometer este nosso suicídio cultural começando pola língua, factor básico, de tal forma que esta já nom se fale, ou se fale pessimamente, mui bem inçada de castelanismos e deformaçons. Os quatro gatos que a empregam com um pouco de soltura e correçom nom som preocupantes, já que se dedicam a despedaçarem-se entre normativistas e reintegracionistas. Ainda bem. Pola outra banda, a nossa consciência de povo acha-se, segundo é evidente, ao mesmo nível que a dos cipaios da Índia, e a consciência de irmandade com Portugal é directamente nula.

Mas todo isto nom é de abondo, nom. Fica demasiado trabalho por fazer e a nossa paciência está já ao limite. Queremos poder exercer o nosso auto-ódio livre e plenamente. Basta já de dissimulos, escusas e atrasos! Chegados a este ponto, nom vemos mais opçom para acadarmos os nossos objectivos legítimos e irrenunciáveis como galegos vergonhantes que o uso maciço e imediato da arma atómica sobre a Galiza. Os menores de 65 anos poderám emigrar na sua totalidade às Canárias como camareiros, e os ancians que pola sua avançada idade nom impliquem riscos de reproduzir-se poderám ficar na própria terra. Estes últimos ham gozar da vantagem adicional de que nom notarám demasiadas diferenças entre a sua vida actual e o terreno post-nuclear que habitarám. No caso concreto dos corunheses, poderám ao fim instalar-se todos em Madrid, que é o que a maioria vem desejando de sempre, onde poderám desfrutar sem travas da bandeira da praça de Colon, a rotulaçom em castelám e os desfiles militares.

Por todo isto pedimos ao governo da Espanha – ainda que nom exigimos, já que nom é o nosso estilo – que se dote na maior brevidade possível das armas nomeadas e as guinde sobre o que, por desgraça, ainda fica de Galiza. Colmaremos assim as nossas aspiraçons nacionais, sem que aceitemos outras divagaçons, tais como a continuaçom estéril dos arcaicos e insuficientes métodos de autodestruiçom aqui nomeados, novos estatutos de autonomia ou outras caralhadas que pretendam demorar o distrair o nosso amado, desejado e inexorável destino, a saber, a Nada.

*(aditem-se adesons à causa)*

\* Corunhês emigrado. Presidente da *Associació de Sociologia de les Illes Balears (ASIB)*